

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A AXENCIA DE ÓRGANOS E SANGUE CHAMA A DOAR SANGUE Á CIDADANÍA, ESPECIALMENTE AOS GRUPOS A POSITIVO E B POSITIVO**

- **Mensualmente, os hospitais galegos precisan ao redor de 10.000 doazóns de sangue para levar a cabo axeitadamente o seu labor asistencial**
- **As reservas dos grupos A positivo e B positivo presentan niveis baixos, polo que se anima especialmente a participar aos doantes destes grupos sanguíneos**

**Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020.**- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) fai un chamamento xeneralizado á cidadanía a doar sangue e, moi especialmente, aos doantes dos grupos sanguíneos A positivo e B positivo.

As reservas dos grupos A positivo e B positivo presentan niveis baixos, polo que resulta preciso reforzar o permanente chamamento á participación nas campañas de doazón de sangue.

Desde ADOS convídase a todas as galegas e galegos a continuar amosando o seu carácter solidario para incrementar o número de doazóns de sangue.

Cómpre remarcar que os hospitais galegos precisan mensualmente ao redor de 10.000 doazóns de sangue.

**Facilitar a participación**

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue agarda, novamente, contar coa positiva resposta da cidadanía ao seu chamamento solidario e para iso ofrecerá as máximas facilidades para doar, desprazando as súas unidades móbiles ao longo da xeografía galega.

Data	Lugar
Mércores 16 setembro	Pontedeume, Carballo, Zona Gaiteira / Os Castros (A Coruña), Forte, Camporrapado, Bertamiráns (Ames), O Grove, Tui, Rúa Príncipe (Vigo), Cervo, San Cibrao (Cervo), Vilar de Barrio, Oimbra, Dacon (Maside), Maside.
Xoves 17 setembro	Betanzos, Carballo, Bº Elviña (A Coruña), Santa Comba, Negreira, Cambados, Tui, Baiona, Palas de Rei, Ribadavia
Venres 18 setembro	Betanzos, Baio (Zas), Zona Monelos – Castrillón (A Coruña), Boiro, Esteiro (Muros), Vilagarcía, Gondomar, Baiona, Praza Maior (Lugo), Avda. Buenos Aires (Ourense)
Sábado 19 setembro	As Somozas, Urbanización A Barcala (Cambre), Boiro, Vilagarcía de Arousa, Gondomar, Praza Maior (Lugo)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, tamén existe a posibilidade de doar nos locais existentes nas sete grandes cidades galegas:

Lugar	Horario
Hospital Clínico Universitario de Santiago	Luns a venres das 08:00 ás 22 horas sábado das 08:00 as 15:00 horas
Hospital Universitario da Coruña	Luns a venres das 08:00 ás 22:00 horas sábado das 08:00 as 15:00 horas
Hospital Arquitecto Marcide Ferrol	Luns das 15:00 ás 22 horas martes, mércores e xoves das 08:00 a 15:00 venres das 08:00 ás 22:00 horas
Hospital Lucus Augusti	Luns a venres das 08:00 ás 15:00 horas
Hospital Universitario de Ourense	Luns a venres das 08:00 ás 15:00 horas
Hospital Provincial de Pontevedra	Luns a venres das 08:00 ás 15:00 horas
Hospital Nicolás Peña de Vigo	Luns a venres das 08:00 ás 22:00 horas sábado das 08:00 as 15:00 horas

**Doar, moi sinxelo**

Pode doar sangue calquera persoa con máis de 18 anos, que pese máis de 50 quilos e que non padeza nin teña padecido enfermidades transmisibles polo sangue (VIH, hepatitis B ou C...). A doazón de sangue é un acto sinxelo que permite a moitas persoas solucionar o seu problema de saúde e mesmo salvar a vida.

ADOS dispón da páxina web: [ados.sergas.gal](http://ados.sergas.gal), as páxinas de ADOS en redes sociais, e o teléfono gratuito 900 100 828 para resolver calquera dúbida relacionada coa doazón de sangue ou coñecer a data dos desprazamentos das unidades móbiles. Na páxina web pódese descargar o código QR e atopar máis información.



ADOS lembra que, aínda que se pode acudir de forma espontánea, é recomendable solicitar cita no teléfono antes sinalado.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE